



Concello de Lourenzá

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as Bases específicas que rexerán no procedemento de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade 2023 aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 12/12/2023. O extracto da convocatoria foi publicado no BOP de Lugo data de 23/12/2023.

Á vista da acta da Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ao abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2023, que se transcribe seguidamente:

“ En Lourenzá, ás 10 horas do 20 de Febreiro de dous mil vinta e catro na Casa Consistorial constitúese a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ó abeiro das bases para a CONCESIÓN DE SUBVENCIONES destinadas a Clubs Deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2023, presidida pola Sra. Alcaldesa D^a. Rocío López García, actuando como vocal o Técnico de Deportes D. Rubén García Piñeiroa e actuando como Secretaria a funcionaria D^a. Carmen López González, por delegación da Secretaria Titular.

De conformidade co disposto nas citadas bases procédese pola Comisión de Valoración a examinar as solicitudes presentadas que ascende a tres que se reseñan seguidamente:

- Solicitud número 1 presentada o día 23/01/2024 e rexistrada de entrada co número 2024-E-RE-33 por D. Fernando Lago Lamas con Dni número 09421589F, en representación do Club Atletismo Lourenzá solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 394,46 euros, e solicitando unha subvención por importe de 390 euros
- Solicitud número 2 presentada o día 23/01/2024 e rexistrada de entrada co número 2024-E-RE-19 por D. Pablo Maseda Fdez. con Dni número 77592743N, en representación do Club Escolas Deportivas Lourenzá e solicitando na categoría de axudas para actividade competitiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 12100 euros, e solicitando unha subvención por importe de 6000 euros
- Solicitud número 3 presentada o día 11/01/2024 e rexistrada de entrada co número 2024-E-Rc-63 por D^a. Pura Álvarez Rico con Dni número 33304812F, en representación do Asociación de Senderismo “Terras de Lourenzá” e solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 867,23 euros, e solicitando unha subvención por importe de 1000 euros

Seguidamente pola Comisión de Valoración á vista das bases para a concesión de subvencións destinadas a Clubs do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2023 propón a concesión das seguintes axudas:

CLUB ATLETISMO LOURENZÁ, 390 EUROS

SENDERISMO TERRAS DA MARIÑA, 610 EUROS

ESCOLAS DEPORTIVAS LOURENZÁ, 6000 EUROS

Pola Sra. Alcaldesa manifestase que a presente acta será elevada, xunto con todo o actuado á xunta de goberno local, quen aprobará as axudas correspondentes.”

De acordo coa normativa aplicable, **DISPOÑO:**





Concello de Lourenzá

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Delegación do 19 de Xullo de 2023 e conceder ao abeiro das Bases específicas que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade 2023, as seguintes axudas:

- 1.- Ao Club Atletismo Lourenzá: 390,00 euros para a actividade deportiva ATLETISMO CATEGORÍAS.
- 2.- As Escolas Deportivas de Lourenzá: 6.000,00 euros para a actividade competitiva FUTBOL, ATLETISMO E PATINAXE.
- 3.- A Asociación de Senderismo “Terras de Lourenzá: 610,00 euros para a actividade deportiva SENDEIRISMO

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo a aplicación 340.48 do Orzamento prorrogado de gastos para o exercizo 2024 polas citadas contías.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución ao Club Atletismo Lourenzá, ás Escolas Deportivas de Lourenzá e a Asociación de Senderismo “Terras de Lourenza”, para que antes do 15/05/24 presenten a documentación xustificativa da axuda económica segundo as citadas Bases.

CUARTO .- Ratificar a presente resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, D^a Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo

